

SEM EN EDUCACIÓN INFANTIL


Desde a equipa de Educación Infantil valoramos moi positivamente a formación recibida neste ano de Semgal e a incidencia que tivo no proxecto que levamos a cabo.

Dado que o tema principal da formación deste ano era a creatividade decidimos abordar dous autores que pensamos que polo seu traballo se axustaban moi ben tanto á linguaxe como aos intereses dos nosos nenos e nenas, Hervé Tullet para a dimensión plástica e Gianni Rodari para a creación de textos.

Coa axuda da nosa mentora Laura Lorenzo Diz logramos estruturar o proxecto de modo máis integrado e cohesionado entre o diferentes tipo de actividades (1,2 e 3) e os elementos do currículo, adaptandoas para facelas máis inclusivas e motivadoras para os diferentes nenos e nenas e os seus talentos.

Tamén as sesións de formación de María José déronnos a base para incluír na nosa práctica o emprego de rutinas de pensamento á hora de abordar novas aprendizaxes e facer un uso da linguaxe e máis estimulante para un pensamento creativo e de respostas abertas.

A partires de coñecer a Gianni Rodari comezamos a realizar xogos coa linguaxe como a creación de historias a partir de palabras escollidas ao azar, a inventar contos partindo de outros, a facer acrósticos...actividades que nos dan a base para realizar a actividade tipo 3 que desenvolveremos facendo unha exposición de adiviñas sobre animais e insectos da nosa contorna.



Hervé Tullet, os seus contos , pinturas e grafismos inspiran as actividades e produtos que estamos a desenvolver neste proxecto como os marcapáxinas do Dia do Libro, as bolsas de tea que empregan para levar os libros de préstamo e o deseño de debuxos e a alfombra dos Maios. Actividades e produtos que nos dan a experiencia a coñecemento para desenvolver os produtos finais que serán o pintado da xardineira e do invernadoiro do patio da escola.

